Delimitación zona de actuación concello de Carballeda de Avia (Ourense)

Índice

Índice 2
1. Localización e superficie. 3
2. Descrición da zona delimitada. 6
2.1. Límites. 6
2.2. Características principais. 7
2.2.1. Características físicas 7
2.2.2. Clima. 8
2.2.3. Afeccións sectoriais. 8
2.2.4. Outros datos de interese. 8
2.3. Estado actual. 9
3. Planos. 12
3.1. Localización. 12
3.2. Ortofoto 12
3.3. Zonificación usos actuais. 12

1. Localización e superficie.

As zonas propostas neste concello sitúanse na parroquia de Vilar de Condes (Santa María), situada ao suroeste do concello de Carballeda de Avia; unha delas ao oeste do núcleo rural de Vilar de Condes, e a outra, ao norte, nas proximidades do núcleo das Fermosas**.** Para establecer estas superficies realizáronse reunións cos responsables do concello, e visitáronse as zonas obxecto.

Algúns dos criterios xerais establecidos para a selección destas superficies acordadas cos responsables do concello e dentro das directrices do proxecto FORVALUE, foron:

- Preferentemente superficie privada (de toda tipoloxía privada).

- Preferentemente superficies nas que se pode lograr maior resiliencia fronte aos incendios forestais, ben porque xa houbo incendios ou o risco de que se xeren é moi elevado. Nesta zona elixida detéctase afeccións por incendio de gran magnitude no pasado.

- Preferentemente zonas con certo grao de abandono ou infrautilización en uso, que encaixan co punto anterior, xa que a maior abandono, maior risco de incendio grave.

- Preferentemente unha superficie mínima para poder establecer modelos variados, casuísticas diversas e que poidan encaixar en futuras posibles figuras de recuperación ou posta en valor.

- Preferentemente unha superficie máxima que non supoña unha limitación do estudo ao necesitar un traballo previo non materializable en tempo e forma.

- Preferentemente superficies con certo interese previo na zona en dar usos e actividades que, aínda non sendo actuais (por exemplo asociacións ou similares xa constituídas ou en funcionamento), identifícanse como potencialmente factibles tras proposta de modelo.

- Preferentemente zonas que non teñan xa un uso actual establecido, ou que teñan certo grao de xestión xa consolidada.



Figura 1: Localización xeral e específica das zonas seleccionadas.

Na zona seleccionada no concello de Carballeda de Avia, a superficie total aproximada e o número de referencias catastrais que se obteñen son as seguintes:

ZONA AS FERMOSAS	
DATOS CATASTRO (2021)	**DATOS SIGPAC (2021)**
Superficie: 16,16 ha	Superficie: 16,14 ha
Parcelas: 664	Parcelas: 662

ZONA VILAR	
DATOS CATASTRO (2021)	**DATOS SIGPAC (2021)**
Superficie: 112,07 ha	Superficie: 112,06 ha
Parcelas: 461	Parcelas: 462

Inclúense as dúas referencias empregadas para localizar a superficie de aplicación do modelo proposto, así como os valores de referencias catastrais que se obteñen ao estudalas. No estudo pormenorizado de propiedade, estes valores poden axustarse e corrixirse.

Inclúese a continuación unha representación 3D (elaborada con Google Earth) na que se aprecia a distribución da parcelación en relación ao relevo do terreo.



Imaxe 1. Zona As Fermosas . Fonte Google Earth



Imaxe 2. Zona Vilar. Fonte Google Earth

2. Descrición da zona delimitada.

2.1. Límites.

- Zona de actuación das Fermosas:

Oeste: leiras particulares (NO) e núcleo rural das Fermosas (SO).	Norte: leiras particulares pertencentes á parroquia de Muimenta (San Xiao).	Leste: leiras particulares contiguas a estrada asfaltada.
	Sur: leiras particulares.	

- Zona de actuación de Vilar:

<table>
<tr><td rowspan="2">Oeste: leiras particulares contiguas a estrada asfaltada e ao regacho de O Feixo (municipio de Melón).</td><td>Norte: leiras particulares da ribeira do regacho de Campo Longo.</td><td rowspan="2">Leste: núcleo de Vilar de Condes e estrada asfaltada.</td></tr>
<tr><td>Sur: leiras particulares.</td></tr>
</table>

2.2. Características principais.

2.2.1. Características físicas.

A superficie obxecto de estudo presenta altitudes que varían entre os 535 e os 785 msnm na zona de Vilar e os 560 e 625 msnm na zona das Fermosas. Pertence á conca do río Miño, formando parte da comarca de "O Ribeiro".

En ambas zonas, a maior parte da superficie presenta unha pendente inferior ao 30%, presentando pequenas zonas dispersas con pendentes comprendidas entre 30 e 45%.

A orientación predominante en ambas zonas é a Leste. Na zona de Vilar, destacar tamén unha zona con orientación Sur-Suroeste, mentres que na zona das Fermosas dúas zonas con orientación Sur-Suroeste e Norte.

Xeoloxicamente, na zona de Vilar distínguense claramente dúas zonas:

- Unha zona formada por rochas metamórficas (xistos micáceos e cuarcíticos) cun grao de permeabilidade de moi baixa a impermeable. Dá lugar a unha paisaxe de formas suaves, presente nunha franxa de terreo paralela ao límite Oeste da zona de actuación.
- A parte Leste da zona de actuación, formada por granitos biotíticos e granodioritas biotítico-anfibólicas (Macizo de Ribadavia), que presenta megacristais de feldespato de ata 3-5 cm, predominio de biotita, esporádicos cristais de moscovita e dá lugar a chans con grao de permeabilidade baixo e porosidade intergranular.

Por outra banda, a zona das Fermosas presenta rochas graníticas na súa totalidade (macizo de Ribadavia), que dan lugar a chans fértiles e profundos, con boa permeabilidade.

2.2.2. Clima.

A situación xeográfica do termo municipal de Carballeda de Avia , implica unha transición do clima mediterráneo, suavizado pola influencia atlántica debida á escasa distancia ao océano.

O carácter lixeiramente continental, xunto coas correntes de aire dominante, provocan unha importante diferenza térmica entre o día e a noite.

O clima vese favorecido polas barreiras naturais e a súa situación meridional en Galicia, que protexen ao territorio de borrascas subatlánticas e proporcionan un ecoclima de transición oceánico-mediterráneo, polo que é húmido e de temperaturas tépedas de 14,5°C de media anual.

A precipitación media anual rolda os 950 mm e o réxime de xeadas vai de novembro a marzo, con risco escaso.

2.2.3. Afeccións sectoriais.

Cabe destacar a existencia das seguintes afeccións sectoriais na zona obxecto do proxecto:

- Elementos patrimoniais: grupo de casas no núcleo das Fermosas e casa reitoral de Vilar de Condes, cruceiros e a Igrexa de Santa María na zona de O Vilar.
- Rede eléctrica: non existen zones afectadas.
- Canles fluviais do regacho das Fermosas (As Fermosas), regacho de O Feixo e regacho de Campolongo (O Vilar).
- Espazos protexidos como o monumento natural Serra de Pena Corneira (ao norte da zona das Fermosas) e unha especie de réptil (tartaruga) incluída no Catálogo galego de especies ameazadas (Sapoconcho común ou galápago europeo, *Emys orbicularis* L.) cunha área de distribución potencial que inclúe ambas as zonas de actuación.
- Redes de faixas de xestión de biomasa segundo Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2.2.4. Outros datos de interese.

A zona de O Vilar limita polo Oeste co MVMC “De Covelo” mentres que, na zona das Fermosas, os terreos que conforman os MVMC máis próximos son “Gateira, Lousado e Coto” de xestión privada e o “Foral de Vilar e Cortegazas”, situados ao Norte e Noroeste da zona de actuación.

Con respecto á propiedade das parcelas obxecto de actuación, son de natureza privada, cunha superficie media por parcela de 243 m² na zona das Fermosas e 2.431 m² na de Vilar.

Na zona existe o TECOR denominado "Corneira de Avia", con número de rexistro OU-10.202.

2.3. Estado actual.

Nas seguintes imaxes móstrase a zonificación dos usos actuais das dúas zonas de estudo.



Figura 2: Zonificacion de usos actuais As Fermosas



Figura 3: Zonificacion de usos actuais Vilar

Na zona das Fermosas, no seu terzo Norte atopámonos cunha masa de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, bosque de ribeira nas marxes do regacho das Fermosas con presenza importante de castiñeiros, abrairos e bidueiros, pés illados de *Eucalyptus globulus*, así como unha pequena extensión de pasto xestionado por medio de gando equino; no terzo central predominan claramente os pastos, mentres que na zona Sur existen pequenas masas de *Quercus robur*, *Quercus suber*, pés dispersos e en masa de Eucalyptus *globulus* e parcelas de uso agrícola na parte Oeste.

Imaxe 3: parcelas de prado e masas de frondosas nas Fermosas

Na zona de Vilar, existe monte raso con matogueira ao longo do límite Oeste da superficie de actuación e na súa zona Norte, unha zona central paralela á anterior con rexenerado abundante de Pinus *pinaster* tras incendio, que se fai menos denso no extremo SE, e masas mixtas de Pinus *pinaster* e *Quercus robur* na zona Nordés e Leste, alternándose con áreas de Quercus *suber* e monte raso.

Imaxe 4: pés de Quercus suber en zona Vilar

Imaxe 5: rexenerado de Pinus pinaster en zona Vilar

3. Planos.

A continuación inclúense unha serie de planos que fan referencia á localización da superficie de estudo, unha ortofoto (ano 2020) co parcelario de catastro, para mellor interpretación do mosaico existente e finalmente un plano da zonificación dos usos actuais detectados no momento da realización do estudo.

3.1. Localización.

3.2. Ortofoto.

3.3. Zonificación usos actuais.

FORVALUE (CARBALLEDA DE AVIA)







CONCELLO	PARROQUIA	ZONA	SUPERFICIE (ha)	Nº PARCELAS
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	Vilar	112,07	461
		As Fermosas	16,16	664

Plano:

Localización

N

1:14.000

1

FORVALUE (CARBALLEDA DE AVIA)



CONCELLO	PARROQUIA	ZONA	SUPERFICIE (ha)	Nº PARCELAS
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	Vilar	112,07	461

Plano:

Ortofoto PNOA (2020)

Zona actuación

Parcelas

N

1:6.500

2A

FORVALUE (CARBALLEDA DE AVIA)



CONCELLO	PARROQUIA	ZONA	SUPERFICIE (ha)	Nº PARCELAS
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	As Fermosas	16,16	664

Plano:

Ortofoto PNOA (2020)

Zona actuación

Parcelas

N

1:2.500

2B

FORVALUE (CARBALLEDA DE AVIA)



CONCELLO	PARROQUIA	ZONA	SUPERFICIE (ha)	Nº PARCELAS
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	Vilar	112,07	461

Plano:

Zonificación usos actuais

- Monte raso
- Monte raso con lixeiro rexenerado de P.pinaster
- Q. suber
- Q.robur, P.pinaster
- Q.suber
- Rexenerado P.pinaster
- Roquedo. Monte raso
- Zona actuación

N

1:6.500

3A

FORVALUE (CARBALLEDA DE AVIA)

CONCELLO	PARROQUIA	ZONA	SUPERFICIE (ha)	Nº PARCELAS
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	As Fermosas	16,16	664

Plano:

Zonificación usos actuais

- Bosque ribeira. Castanea spp.
- Eucalyptus globulus
- Frondosas
- Monte raso con Q. robur
- Pés aislados E. globulus
- Plantación E. globulus
- Pastizal
- Q. robur, Q.pyrenaica
- Q.suber, Q.robur
- Quercus robur
- Roquedo. E.globulus disperso
- Terreo dedicado a uso agrícola
- Zona actuación

N

1:2.500

3B